

ENCE: Paradigma de malas prácticas empresariais!

Fronte á pretendida imaxe de “fábrica modelo” que os seus directivos difunden aos catro ventos por diferentes vías propagandísticas (mesmo utilizando propaganda encuberta), a realidade fai ver que a fábrica de ENCE en Pontevedra é claro exemplo de malas prácticas a moitos niveis. Ao coñecido incumprimento da lexislación medio ambiental, antes e despois de seren condenada por delito ecolóxico, ou á realización de obras no recinto empresarial sen contar coas preceptivas licencias do Concello de Pontevedra, debemos engadir hoxe unha nova práctica fraudulenta que deixa en evidencia a suposta “xeración de enerxía a partires de recursos renovábeis”.

Lonxe de utilizar “exclusivamente” residuos vexetais como combustíbel para xerar enerxía na planta de biomasa, sabemos agora que ENCE está a utilizar aceite usado, unha práctica altamente contaminante, prohibida na Unión Europea e expresamente prohibida tamén na Autorización Ambiental Integrada (AAI) da fábrica, revisada na Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (Nº 2004/0286_NAA/IPPC_162, do 28-9-2018).

Con efecto, na páxina 15 da amentada resolución, dise:


“O combustible principal desta caldeira é codia do eucalipto, residuos vexetais de orixe agrícola ou silvícola e os lodos secos que se xeran na depuradora de augas residuais da instalación. Ademais da biomasa, a caldeira utiliza fuel para o arranque e coque como complemento no caso de que o poder calorífico da biomasa non sexa suficiente (dosifícase unha pequena cantidade sobre a fita de alimentación de codia)”

Así mesmo, na páxina 59 deste mesmo documento, e coma resposta ás alegacións presentadas no seu día pola nosa Asociación, dise o seguinte:

“En relación co uso de combustibles na caldeira de biomasa, compre informalos de que o combustible principal desta caldeira é a biomasa (residuos forestais, codia de eucalipto triturada e lodos secos procedentes do tratamento primario de augas residuais) e que o uso doutros combustibles non se permite salvo en situacións puntuais que a empresa debe xustificar”

ENCE, no Informe elaborado para a solicitude da revisión da AAI, cita o fuel, o coque e o propano como únicos combustíbeis utilizados na fábrica, agochando, de forma intencionada, o uso destes aceites. E tampouco fai constar nas súas contas consolidadas o gasto en aceites usados, un gasto que se pode confirmar acudindo a calquera dos xestores que provén dos mesmos á fábrica de Lourizán; e esta omisión supón, coma pouco, unha irregularidade.

Neste sentido, desde a APDR preguntámonos: como entran os aceites usados na fábrica de ENCE? Como contabiliza ENCE estes combustíbeis ilegais nas súas contas internas e nas contas públicas? Acaso este importante volume de aceites figuran “oficialmente” nas contas de ENCE



coma se de fuel se tratase? E preguntámonos tamén se a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia é coñecedora desta situación...


Estas malas prácticas empresariais de ENCE, permiten ver que titulares coma o de *“ENCE-Pontevedra genera con recursos renovables el 97% de la energía que consume”* -cos que tratan de vender un suposto compromiso co entorno e un comportamento modélico no respecto ao medio- non son máis que un intento de lavar a súa verdadeira imaxe! E cando se coñece o comportamento da empresa no que fai ao uso de aceites ilegais como combustíbel, resulta especialmente ferinte escoitar as afirmacións dalgún dos seus directivos anunciando que *“ENCE vai diminuír o impacto ambiental substituíndo o fuel por gas natural”*!

Con independencia dos problemas ambientais que provoca a combustión destes aceites (que son considerados noutro apartado deste Informe) e da existencia ou non de fraudes de natureza fiscal ou económica coma consecuencia desta práctica, é máis que evidente que estamos diante dunha mala práctica empresarial e dun fraude á sociedade e á comunidade inversora que reporta á empresa de Lourizán un aforro económico importante. E mesmo non se pode desbotar que con estas prácticas estean a cometer competencia desleal coas empresas que respectan a legalidade.

ENCE semella ignorar a existencia da chamada Responsabilidade Social Empresarial (RSE), unha corrente doutrinal -asumida oficialmente polos referentes principais do universo empresarial- que aposta polo necesario compromiso das corporacións coas sociedades nas que fican inseridas, o que non só significa cumprir coa legalidade vixente en cada conxuntura histórica, senón sintonizar coas demandas que se formulan dende a contorna social.

Os accionistas e directivos de ENCE son coñecedores da débeda histórica que esta empresa ten contraída coa maioría da sociedade pontevedresa pero, lonxe de asumir esta realidade e buscar unha alternativa para abandonar Lourizán, prefiren falar de “inseguridade xurídica” cando se lles fai saber que a prórroga de 60 anos concedida polo goberno en funcións de Mariano Rajoy foi ilegal e que, na práctica, a súa concesión en terreos de dominio público marítimo-terrestre ten caducado a finais do mes de xullo do pasado ano; e non teñen reparos en actuar do xeito irresponsábel e criminal que vimos denunciando, insistindo nos comportamentos fraudulentos que deron lugar á súa condena por delito ecolóxico e por danos continuados na saúde.

Desde a Asociación Pola Defensa da Ría queremos denunciar publicamente este comportamento fraudulento da empresa ENCE en Pontevedra, un comportamento que -pola súa gravidade, tanto no que fai aos danos ambientais e na saúde como nos aspectos tributarios- debería ser investigado desde o Concello de Pontevedra, a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, e debería ter consecuencias importantes no futuro da empresa en Lourizán; non debemos esquecer que, como se avanza neste informe que hoxe presentamos, ENCE ao queimar estes aceites usados, está a provocar a emisión de moitos contaminantes altamente prexudiciais para o medio e a saúde das persoas, uns contaminantes que non se están a controlar pola administración ao non terse considerado na Autorización Ambiental Integrada.



Pero queremos anunciar tamén que esixiremos responsabilidades tanto pola vía administrativa como pola vía xudicial; neste sentido, estamos a estudar a posibilidade de acudir á Fiscalía de Medio Ambiente de Galicia para que investigue esta situación.

Xa por último, animamos aos medios de comunicación a afondar nesta investigación, tratando de desvelar aqueles aspectos que, como os que deixamos en forma de preguntas no aire, poden aportar máis luz ao tema. Con seguridade, os xestores dos aceites usados que fornecen a ENCE, serán unha excelente fonte de información ao respecto.

A planta de ENCE utiliza 18.000 toneladas de aceites usados contaminantes como combustible

- O aceite usado utilizado por ENCE provén de compañías de xestión de residuos industriais recuperados de diferentes comunidades españolas e outros países.
- ENCE é o maior consumidor deste tipo de residuos en España.
- As lexislacións española e europea consideran ó aceite usado como un residuo tóxico.
- Có uso deste combustible a compañía xerou un aforro superior ós 3,5 millóns de euros anuais nos últimos cinco anos.

A planta de fabricación de celulosa de ENCE en Pontevedra utiliza como combustible nos seus procesos de produción 18.000 toneladas anuais, aproximadamente, de aceites usados -un material declarado como residuo perigoso pola Unión Europea e a normativa española- e cuxo proceso de combustión ten consecuencias altamente perigosas sobre a saúde humana e o medio ambiente. Tanto na Unión Europea como nos Estados Unidos o consumo deste tipo de aceites por parte da industria para a súa combustión está totalmente prohibido, en base a estudos encargados polos diferentes reguladores que indican a súa toxicidade como residuo.

O aceite usado que chega a ENCE, en Pontevedra, procede de diferentes xestores autorizados de residuos que operan e recollen este tipo de material por toda España e Portugal e véndenlo a esta empresa para o seu uso -como combustible- na planta de Lourizán. Este aceite procede usualmente de vehículos e maquinaria industrial (talleres, centros de produción, ...). Durante a súa utilización, estes lubricantes degradanse orixinando sustancias tóxicas coma os PCB e os metais pesados que se producen pola exposición a altas temperaturas e presión dentro dos motores, máquinas e procesos nos que se utilizan.

A utilización deste tipo de aceites contaminados, fronte a combustibles industriais utilizados con anterioridade, permítelle á empresa abaratar o custe anual de estes combustibles en torno a 3,5 millóns de euros, ao redor de 18 millóns de euros nos cinco últimos anos.



Que son os aceites usados

Os aceites compóñense de bases lubricantes minerais ou sintética ós que se engaden aditivos químicos, que supoñen o 10-15% do produto. Porén, ao finalizar a súa vida útil é cando estes aceites se converten nun residuo altamente perigoso. O aceite usado consta de sedimentos e auga, os compostos menos contaminantes, e de metais pesados que se foron arrastrando no interior dos motores durante o uso do produto.

Segundo a **Ley 22/2011, de 28 de xullo, os aceites usados son todos os aceites minerais ou sintéticos, industriais o de lubricación, que teñan deixado de ser aptos para o uso orixinalmente previsto**, como os aceites usados de motores de combustión e os aceites de caixas de cambios, os aceites lubricantes, os aceites para turbinas e os aceites hidráulicos. Estes aceites usados xéranse periodicamente nas actividades de mantemento: talleres de reparación de automóbiles, todo tipo de industrias, portos pesqueiros e deportivos, mantemento de maquinaria agrícola, etc.

Os aceites usados caracterízanse por ter sufrido cambios químicos e físicos na súa composición orixinal debido á oxidación e polimerización de algúns compoñentes, dando lugar, nalgúns casos a compostos de peso molecular mais alto, insolubles no aceite lubricante (lodos orgánicos). Poden estar contaminados con po, partículas metálicas, combustible e auga.

Ademais, determinados compoñentes do aceite poden permanecer no mesmo debido a fenómenos de combustión incompleta, e poden aparecer outros metais polo desgaste natural do motor e outros produtos pola descomposición do propio aceite base.

Entre as sustancias contaminantes detectadas nos aceites usados cabe destacar as seguintes: partículas metálicas debido ben á descomposición de aditivos para aceites lubricantes (como bario e zinc) ou ao desgaste das pezas do motor durante o seu funcionamento (cadmio, arsénico, cromo, níquel, etc.), xofre, compostos clorados (PCB y PCT), hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAH), etc. **Todo isto da como resultado que os aceites usados teñan un maior contido de metais pesados e de outros contaminantes que os fueis de refino e que sexan considerados residuos perigosos.**



Tratamento actual do aceite usado coma residuo tóxico

A Lexislación española clasificou os aceites usados na **Ley 10/1998, de 21 de abril coma residuo tóxico e perigoso**. Posteriormente, en 2006 aprobouse o Real Decreto 679/2006, de 2 de xuño, polo que

se regula a xestión dos aceites usados, no que se establece a prohibición do vertido de aceites usados sobre os solos, augas superficiais e subterráneas, así como calquera tratamento do aceite usado que provoque unha contaminación atmosférica.

Porén, España permitiu, ata agora, que o aceite usado puidera desclasificarse para o seu uso como combustible sen realizar ningún tratamento térmico. Os tratamentos que se realizan son tratamentos para eliminar augas e sedimentos, pero non para eliminar os metais pesados contaminantes.

Así o recoñece o *estudo técnico previo para analizar a aplicación do concepto de fin de condición de residuos ós combustibles obtidos nas instalacións de tratamento de residuos Marpol tipo C e de aceites usados*, encargado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente en 2011.

Dito estudo indica que nunha análise das autorizacións das instalacións de tratamento e as consultas ás comunidades autónomas ós xestores de algunhas plantas de tratamento, constátase que os tratamentos máis habituais aplicados a estes residuos para permitir o seu posterior uso como combustible, son tratamentos físicos a través de procesos de decantación, centrifugación, filtración, deshidratación, etc., que poden considerarse como un tratamento inicial de limpeza, asimilable a un reprocesado suave. **Con estes tratamentos unicamente se eliminan a auga e os sedimentos presentes nos aceites usados, permanecendo no aceite tratado os posibles metais pesados, cloro e outros compostos non desexables, que se atopan nos aceites usados sen tratar, pero non no fuel de refino.**



Cambios normativos do uso do aceite usado como combustible

Ata o de agora, obrigábase a que o aceite usado tratado, para que puidera ser utilizado como combustible, deba cumprir co Real Decreto 61/2006, de 31 de xaneiro, podendo ser utilizado en todo tipo de instalacións. Só algunhas das autorizacións ambientais integradas estableceron requisitos adicionais relacionados coa protección do medio ambiente e a saúde humana, establecendo límites no combustible obtido para metais pesados, cloro y PCB.

En febreiro de 2018, emporiso, o Goberno aprobou a Orde APM/205/2018 pola que se establecen os criterios para determinar cando o aceite usado procesado procedente do tratamento de aceites usados para o seu uso como combustible deixa de ser residuo e determinar cando o combustible recuperado e tratado pode ser comercializado como combustible produto.

A Orde inclúe unha moratoria de dous anos, ata 2020, para poder adaptarse á nova norma. Esta lagoa legal, esta moratoria, tenlle permitido a ENCE un aforro superior ós 3,5 millóns de euros anuais nos últimos cinco anos (ao redor de 18 millóns de euros) e que obviamente lle permitiu incrementar de forma substancial o seu beneficio anual.

O uso deste tipo de aceite pre-tratado e o conseguinte aforro de custes que obtivo a empresa durante todos estes anos contradí, porén, os compromisos medio ambientais que, como empresa cotizada nos mercados, ten declarado cos seus accionistas e

inversores (fondos e planes de pensións e particulares) e coa comunidade de analistas financeiros que seguen este valor.

Segundo a Memoria de 2018 de ENCE, a compañía conta cun compromiso de respecto e mellora do medio ambiente en tódalas fases da súa cadea de valor. Conta cun modelo de Excelencia na Xestión para abordar aspectos de seguridade e saúde das persoas, respecto ao medio ambiente e prevención da contaminación e de calidade do produto e servizo.

Os requisitos recollidos na norma refírense ós residuos, ós tratamentos, ós valores límite de contaminantes presentes no combustible recuperado e ao procedemento de verificación de cumprimento de estes criterios. Deste xeito, os aceites usados tratados que non cumpran cos criterios establecidos na Orde considéranse residuos e só poden destinarse á súa valorización enerxética como combustible si se toman as medidas adecuadas de prevención e control de contaminación das emisións industriais.

Instalacións como as cementeras son capaces de realizar un tratamento dos gases xerados na combustión dos residuos perigosos e contan con este control por parte da Administración.


Porén, industrias como ENCE, que continúan utilizando aceite usado como combustible, non contan con estes tratamentos e controis.

Alta demanda do aceite usado como combustible e uso de ENCE

Nesta Orde recoñécese que existe unha gran demanda, xa que en 2012 existían sete plantas de rexeneración de aceites usados (obter de novo a base lubricante para a súa reformulación en novo aceite, o que a Lei marca como opción prioritaria) e vinte cinco de tratamento previo á valorización enerxética (proceso para o uso posterior como combustible industrial).

Conforme á última información dispoñible de SIGAUS, en 2017 en España recolléronse case 134.508 toneladas de aceites usados netos, das que o 28% foron destinadas á valorización enerxética, e dicir, ao seu uso como combustible para xerar enerxía tras dun proceso que ata agora consistía en eliminación de auga e sedimentos.

Xestión do aceite usado



- Regeneración
 - Valorización energética
 - Reciclado
-

Algúns dos xestores de aceites usados que provén a ENCE:

No mapa que xuntamos, podemos ver as principais zonas de procedencia dos aceites usados que chegan a ENCE-Pontevedra ao través dalgúns dos principais xestores da Península Ibérica.

A totalidade da cantidade de aceites usados que proceden de xestores do Estado Español chega á fábrica de ENCE en Pontevedra sendo utilizado sen que se realice ningún tratamento posterior nin o tratamento dos gases xerados na súa combustión.

O resto do aceite usado que ENCE consume na planta de Lourizán, procede de xestores de Portugal, Mozambique e outros países. É máis que probábel que as cantidades que estes e outros xestores venden a ENCE, sexan superiores ás aquí facilitadas.



TRADEBE:	5000 TM
SERTEGO:	5000 TM
GAUAR:	2000 TM
CODISOL, INGAROIL y PROCESOL:	6000 TM
RECASA:	1000 TM

Portugal: GREENFLOW: 3000 TM

Controis do aceite usado

Este aceite usado utilizado polas industrias como combustible pasaba ata o de agora unicamente un control que esixía o Real Decreto 61/2006 que establecía límites de compoñentes que se atopan en materias primas ou combustibles convencionais. Porén, os parámetros que se deben analizar nos aceites usados son outros moitos, debido á súa composición e contido de metais pesados ós que non se estaba poñendo límite e cuxa combustión é altamente prexudicial para o medio ambiente e a saúde das persoas.

CONTROIS DO FUEL BIA COINCIDENTES COS DO ACEITE USADO (ACTUAL)

Cor
Viscosidade
Vanadio
Punto de inflamación
Auga e sedimentos
Auga máxima
Potencia calorífica superior
Potencia calorífica inferior
Cinzas
Sedimentos potenciais

Malia as análises que deberían realizarse ó aceite usado para que poida ser utilizado como combustible pola industria, os controis que actualmente desenrolan as administracións ambientais para analizar o combustible usado por ENCE son os mesmos que os realizados a combustibles industriais de calidade.

COMPOÑENTES QUE DEBEN CONTROLARSE NO ACEITE USADO PARA SER UTILIZADO COMO COMBUSTIBLE

Níquel
Chumbo
Cadmio
Cromo
Arsénico
Cobre
Cobalto
Manganeso
Talio
Antimonio
Zinc
Estaño
Mercurio
PCB
Compostos orgánicos haloxenados

Danos que ocasiona a combustión do aceite usado

Diferentes estudos, como os realizados pola Universidade de Cambridge, o departamento de ecoloxía de Washington ou a axencia de protección ambiental de California, teñen analizado os danos que poden ocasionar ao medio ambiente e á saúde das persoas a combustión dos aceites

usados sen tratar e sen control sobre as emisións.



SAUDE HUMANA

Os gases producidos conteñen aldehidos, cetonas, compostos aromáticos ou CO₂. Estes compostos, xunto con outros compoñentes e metais pesados como o cloro, o cromo, o níquel, cadmio, manganeso ou cobre actúan sobre o tecido respiratorio superior e tecido pulmonar, provocando afogos, asma, ou bronquites.

Ademais, o estudo realizado pola Universidade de Cambridge que recolle información da Sociedade británica de Hixiene ocupacional en colaboración coa Comisión Europea, indica que a inhalación de estas partículas producidas pola queima de aceite pode producir cancro pulmonar.

Outros metais como o chumbo teñen ademais efectos tóxicos sobre os riles.



CONTAMINACIÓN DA AUGA

A contaminación da auga é unha cuestión relevante no caso de ENCE sobre a ría de Pontevedra. Os aceites usados forman películas impermeables sobre a auga que impiden o paso do osíxeno. Prodúcese unha contaminación da auga con compostos que poden ser inxeridos polo ser humano de forma directa ou indirecta. Un só litro de aceite usado é capaz de contaminar ata un millón de litros de auga. Segundo un artigo do departamento de Ecoloxía do Estado de Washington, é igualmente relevante o

impacto das cinzas producidas na combustión de aceite usado, xa que os seus compoñentes provocan un incremento da mortalidade dos peixes.



CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

De non contar coas medidas necesarias para tratar os gases xerados na combustión de estes residuos perigosos, como as cementeras, a combustión do aceite usado provoca unha grave contaminación do entorno.

Os compostos como o cloro, fósforo ou xofre presentes neste residuo provocan ó queimarse gases tóxicos. Súmase a isto a emisión de partículas de óxidos de nitróxeno, óxidos de xofre e hidrocarburos aromáticos policíclicos en niveis 3,5 veces maiores que coa queima de gasolina.

Especialmente prexudicial é o chumbo, presente neste residuo, xa que se trata do máis volátil dos compoñentes metálicos que forman parte das cinzas do aceite usado. Así, o chumbo emítese directamente á atmosfera. Só có que está contido nunha lata de 5 litros, este chumbo queimado pode contaminar o volume de aire que respira un adulto durante 3 anos.

**ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA DE
PONTEVEDRA (APDR)**

Tlf. de contacto 666 621 438
